

MATRÍCULA CURSO 2020/21

➤ PRAZO PARA SOLICITAR PRAZA:

DO 1 ao 23 DE MARZO

EN HORARIO DE SECRETARÍA:

TÓDOLOS DÍAS DE: **9:00 a 9:45** ou de **13:15 a 14:00**

➤ PARA SABER A QUE ZONA EDUCATIVA PERTENCES, SEGUNDO O ENDEREZO FAMILIAR, ENTRA NA NOSA PÁXINA WEB, NO APARTADO DE SECRETARÍA:

<http://www.edu.xunta.es/centros/eeivilalaura/>

MATRÍCULA CURSO 2020/2021

NORMATIVA:

- *DECRETO 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de 2º ciclo de Educación Infantil...*
- *Orde do 12 de marzo de 2013, polo que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

ZONA EDUCATIVA Nº 8:

- Comprende dende o límite da Avd. Hispanidade e Baixada do Castaño ata a rúa A Paz, Peniche, López Mora e Travesas, seguida da Avd. de Castrelos e Corredoira de Valadares ata o límite con esta parroquia, e incluíndo nesta zona a parroquia de Castrelos máis a barriada de Carneiras-Matamá.

SOLICITUDE DE PRAZA:

- Prazo para a presentación da solicitude e documentación acreditativa: **Do 1 de MARZO ao 23 de MARZO** no seguinte horario.
De 9:00 a 9:45 e de 13:15 a 14:00 en secretaría.
- Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos: **24 de ABRIL**. Prazo de reclamacións: 5 días hábiles
- Publicación das listaxes definitivas de admitidos e non admitidos: **14 de MAIO**.
- Documentación a presentar na secretaría do centro HORARIO de **9:00 a 9:45 e de 13:15 a 14:00**
 - Impreso de solicitude (ANEXO II), debidamente cuberto e asinado por ambos os dous PROXENITORES. (recoller en SECRETARÍA ou descargar da páxina web ou cubrir na aplicación <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)
 - Fotocopia do libro de familia completo (ou dos libros se é o caso).
 - O proceso de admisión rexerese polos seguintes criterios prioritarios:
 - a) Existencia de irmáns matriculados no centro.
 - b) Nai, pai, titora ou titor que traballe no centro.

c) Proximidade do Domicilio Familiar: Certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar. A data de alta no Padrón no domicilio deberá ter unha antigüidade mínima de un ano respecto ao inicio do procedemento de admisión.

Ou proximidade ao centro educativo do Lugar de Traballo: Documento expedido polo empregador xunto cunha copia do contrato de traballo. O centro de traballo deberá estar determinado nunha localidade e enderezo concreto. No caso de traballadoras/es por conta propia, mediante a alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, con todas as modificacións e alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente. O persoal ao servizo das administracións públicas, presentará unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

d) Acreditación e valoración do criterio da Renda anual per cápita da unidade familiar: terase en conta a renda da unidade familiar (Renda 2019 do ano 2018).

e) Acreditación e valoración de Familia Numerosa: Fotocopia do título oficial en vigor ou carné familiar galego expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar.

f) Acreditación e valoración de Familia Monoparental: Fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia, resolución xudicial de separación, divorcio ou medidas paterno-filiais ou convenio regulador.

g) Acreditación e valoración de discapacidade no alumno ou alumna, ou no seu pai, nai, titor legar ou nalgún irmán: Certificación expedida pola Consellería de Traballo e Benestar ou, se é o caso, do órgano competente doutras administracións públicas.

MATRÍCULA: DO 20 AO 30 DE XUÑO : Recoller na secretaria ou descargar da páxina web os impresos da **MATRÍCULA (ANEXO III-1)**

- Se solicitaches **COMEDOR** deberás recoller ou descargar da páxina web e entregar tamén os impresos **DE MATRÍCULA DO COMEDOR**.

PÁXINA WEB DA EEI VILA LAURA: <http://www.edu.xunta.es/centros/eeivilalaura/>

BLOG DA EEI VILA LAURA: <http://vilalaurainfantil.blogspot.com.es/>

ASPECTOS A TER EN CONTA

1. VACANTES

4º EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)	88 vacantes e 12 para Necesidades Educativas Especiais
5º EDUCACIÓN INFANTIL (4 ANOS)	24 vacantes
6º EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS)	12 vacantes

2. CENTROS ADSCRITOS

- O noso centro está adscrito ao CEP Doutor Fleming

3. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

- Gardería matinal ofertada pola ANPA (o servizo empeza ás 8:00)
- Comedor escolar dependente da Consellería (prazas limitadas e matrícula independente do 20 ao 30 de xuño)
- Actividades Extraescolares, pola tarde, ofertadas pola ANPA.

4. Recordamos que a solicitude presentarse no centro que se solicita en primeiro lugar. Na mesma poderán solicitarse ata seis centros, por orde de preferencia.

5. De non acreditar a documentación ou a non autorización para que a Consellería de Educación consulte os datos correspondentes a cada criterio, supón a valoración con 0 puntos.

6. **REUNIÓN INFORMATIVA PARA AS FAMILIAS NOVAS: O Martes, 23 DE XUÑO ÁS 10:00.**